

ESTATUTOS DA "ASOCIACIÓN XARUMA"

CAPITULO I: DENOMINACIÓN, DURACIÓN, DOMICILIO E ÁMBITO.

DENOMINACIÓN

Artigo 1.- Coa denominación **ASOCIACIÓN XARUMA**, constitúese unha Asociación ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro. Dentro da asociación contéplase a integración dunha Escola de Tempo Libre, segundo Decreto 50/2000 de 20 de xaneiro, compartindo como parte de esta non ter ánimo de lucro.

DURACIÓN

Artigo 2.- Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

DOMICILIO

Artigo 3.- O domicilio social da Asociación sitúase na cidade de Vigo, na rúa Travesía de Vigo nº 4 piso 6ºB, código postal 36206, sen prexuízo de que en calquera momento poida trasladarse a outra vila. Ademais poderá ter unha sede principal e as sedes complementarias que se estimen convenientes en Galicia.

ÁMBITO

Artigo 4.- O ámbito de actuación territorial da Asociación é todo o territorio autonómico galego, sen excluír colaboracións puntuais fóra deste.

CAPITULO II: FINS, ACTIVIDADES E SISTEMA EDUCATIVO.

FINS

Artigo 5.- A Asociación é unha entidade aberta á sociedade e aos **medios educativos**, do tempo libre, da animación socio cultural, da inclusión social e da igualdade entre mulleres e homes.

Artigo 6.- A Asociación pretende crear unha alternativa propia aos modelos convencionais de educación–no tempo libre por medio da animación socio cultural. Pretende ofertar orientación e capacitación aos/ás que traballan ou queren facelo na educación, ser un servizo a disposición das entidades públicas e privadas de diversa índole que promova a inclusión social e a igualdade entre mulleres e homes e, en xeral, de todas as persoas.

Artigo 7.- A Asociación, como ente educativo, ten os seguintes fins:

- Realizar con carácter habitual actuacións de integración de persoas con discapacidade, e especialmente para persoas con trastorno mental ou patoloxía dual.
 - Actuar na cualificación profesional de persoas adultas e desempregadas, facendo especial fincapé na formación de persoas con discapacidade para a promoción do emprego con apoio e a inserción sociolaboral.
 - Investigar sobre os distintos aspectos da educación no tempo libre e a intervención psicosocioeducativa.
 - Educar no tempo libre e ofertar formación básica e especializada neste eido
 - Prestar servizo de apoio ás diferentes entidades de carácter público ou privado para a organización de cursos e actividades de tempo libre.
 - Impulsar liñas de traballo nos campos das ciencias sociais, particularmente nas áreas das ciencias da saúde, a educación e os servizos sociais.
 - Promover actividades que teñan como finalidade a concienciación, estudo, formación ou especialización en relación coa protección e xestión do medio natural e da saúde.
 - Promocionar participación cidadá e o asociacionismo xuvenil.
 - Promover a inclusión social de forma integral, incluído a intervención familiar.
 - Facilitar a realización de actividades de ocio saudable ou de índole psicosocioeducativa para persoas da Terceira Idade.
 - Impulsar actividades de carácter informativo sobre materias de interese xuvenil.
 - Apoiar a promoción do cooperativismo dentro do ámbito de Galicia.
 - Traballar na formación do voluntariado e desenvolver programas en todos os posibles campos de actuación: lecer, servizos e inclusión social, saúde, medio ambiente, cultura, xuventude, educación ...
 - Dar a coñecer a realidade cultural, rural e lingüística en Galiza, e nas comunidades de galegos e galegas no exterior.
 - Traballar por todos os medios posibles polo entendemento pacífico de todos os pobos.
-

ACTIVIDADES

Artigo 8.- Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

- .- Cursos e xornadas de **formación permanente** do profesorado.
- .- Cursos de monitor/a, director/a de actividades de tempo libre.
- .- Cursos de director/a de campos de traballo.
- .- Outras futuras modalidades que estableza regulamentariamente a *Xunta de Galicia*.
- .- Todo tipo de actividades de formación permanente e cursos monográficos: de reciclaxe, animación sociocultural, mediador/a afectivosexual, educación para a saúde ...
- .- Encontros, seminarios e congresos.
- .- Cursos de formación e programas específicos orientados ao voluntariado.
- .- Obradoiros, excursións e sendeirismo.
- .- Todo tipo de actividades de educación ambiental.
- .- Campamentos e actividades no medio natural.
- .- Todo tipo de actividades de carácter social, cultural, deportivo, etc., con vistas á unha animación de colectivos sociais.
- .- Actividades de información sobre materias de interese xuvenil.
- .- Actividades de divulgación, información e formación en igualdade, perspectiva de xénero e saúde mental.
- .- Proxectos de intervención psicosocioeducativa con familias, terceira idade e persoas con trastornos mentais ou patoloxía dual.

SISTEMA EDUCATIVO

Artigo 9.- A Asociación conta cun *Proxecto Educativo* que responde aos fins establecidos nestes estatutos.

Artigo 10.- a) Con carácter xeral, nas fases **presenciais** dos cursos establecerase un sistema de comprobación de asistencia, que será obrigatoria na porcentaxe que estableza o proxecto educativo en torno a un 80-85% da súa duración total; polo tanto, as faltas de asistencia non poderán superar a porcentaxe restante das horas totais que hai que certificar, independentemente de cal sexa a causa que as provoca. Os instrumentos utilizados serán as follas de comprobación de asistencia, asinadas individualmente polas persoas presentes en cada sesión.

Os cursos presenciais de máis de 25 horas poderán incluír unha fase non presencial, que non superará o a porcentaxe establecida no proxecto educativo tendo por referencia o 20% da duración total da actividade.

b) Para a formación **a distancia**, a avaliación de cada unha das persoas participantes realizarase a través da análise do seguimento do calendario previsto na axenda do curso, mediante os seus rexistros de conexión ao sistema e de acceso ás distintas seccións, módulos, ferramentas e recursos do contorno virtual, así como da comprobación da realización

completa do itinerario formativo formulado e da verificación da superación dos traballos de avaliación previstos.

c) Na avaliación dos cursos de formación que requiran fase **teórico-práctica** que organice ou imparta a Asociación, consistirá, por unha parte, nunha avaliación continua personalizada que se efectuará ao longo do curso e cunha ponderación en torno ao 80% sobre o total da avaliación final. Por outra parte, efectuarase unha avaliación escrita final para comprobar a consecución dos obxectivos previstos, cunha ponderación do 20 % sobre o total da avaliación final.

CAPITULO III: ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN.

RÉXIME XERAL

Artigo 11.- A Asociación rexerese segundo os presentes estatutos, sempre que os seus contidos non se opoñan ás leis nin contradigan os principios contidos na Lei Orgánica 1/2002 e o seu desenvolvemento regulamentario.

Artigo 12.- O goberno e a representación da Asociación estarán a cargo dos seguintes órganos:

- a) A Asemblea Xeral, como máximo órgano Colexiado de goberno da Asociación..
- b) A Xunta de Goberno, como órgano Colexiado en quen a Asemblea Xeral delega o goberno permanente da Asociación.
- c) O/a director/a, o/a secretario/a, o/a tesoureiro/a e os/as coordinadores de nivel, como órganos unipersonais e con funcións de goberno e de representación determinadas polos estatutos.

ASEMBLEAS XERAIS: ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

Artigo 13.- A Asemblea Xeral é o órgano de expresión da vontade da Asociación e por tanto é o órgano supremo de goberno da mesma. Estará integrada por tódolos/as socios/as e tomará os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna. A/o presidenta/e e o/a secretario/a da asemblea serán o/a director/a e o/a secretario/a da Asociación.

Artigo 14.- As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrárase como mínimo unha vez ao ano dentro dos tres meses seguintes ao peche do exercicio. As extraordinarias celebráranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do/a director/a, da Xunta de Goberno ou cando o solicite por escrito a metade mais un dos/as socios/as.

Artigo 15.- As Asembleas Xerais serán convocadas con 15 días de antelación polo/a director/a da Asociación, enviando notificación aos socios/as. Na convocatoria exprésarase o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a

tratar e os anexos que procedan. Tamén deberá constar a data e a hora no que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.

Artigo 16.- Os/as socios/as poderán outorgar a súa representación, aos efectos de asistir ás Asembleas Xerais, en calquera outro socio/a. Esta representación outorgarase por escrito, e deberá obrar en poder do/a secretario/a da asemblea polo menos media hora antes de celebrarse a mesma.

Artigo 17.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas a metade mais un dos/as socios/as con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de socios/as con dereito a voto.

Artigo 18.- Son facultades da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Aprobar o *Plan de Actuación* proposto pola Xunta de Goberno, así como examinar e aprobar a *Memoria de Xestión* correspondente.
- b) Aprobar o *Orzamento* proposto pola Xunta de Goberno, así como examinar e aprobar os *Balances* e as *Contas Anuais* do exercicio anterior.
- c) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- d) Aprobar o *Regulamento de Réxime Interno* da Asociación..
- e) Aprobar calquera modificación do *Proxecto Educativo* da Escola.
- f) Acordar a remuneración, no seu caso, dos membros dos órganos de representación.
- g) Nomear, á proposta da Xunta de Goberno, os/as socios/as de honra.
- h) Calquera outra que resulte dos estatutos e non estean expresamente atribuídas á Asemblea Xeral extraordinaria ou á Xunta de Goberno.

Artigo 19.- Son facultades da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno.
- b) Modificación dos estatutos.
- c) Constitución de federacións ou integración nelas.
- d) Disolver a Asociación e nomear os liquidadores.
- e) Expulsión de socios/as, a proposta da Xunta de Goberno.
- f) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- g) Solicitar a declaración de Asociación de utilidade pública.
- h) Solicitar a declaración de entidade de acción voluntaria.

Artigo 20.- Os acordos das asembleas tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.


Non obstante, será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade de estas, para os apartados comprendidos entre as letras b) e f) do artigo anterior.

No caso de forza maior como pandemias ou circunstancias especiais, poderase exercer o voto por medios telemáticos a distancia segundo estableza no seu caso a Xunta de Goberno e en todo caso conforme a normativa legal existente en cada momento para estes casos. A continuación levaranse os acordos ao rexistro de actas e asinarán o/a presidente/a e o/a secretario/a da asemblea. A acta dunha Asemblea deberá ser sempre exposta na páxina web da Asociación e no taboleiro de anuncios dos locais da Asociación polo menos quince días antes da celebración da seguinte Asemblea a celebrar onde se procederá a súa aprobación, por maioría simple.

Artigo 21.- Os acordos que vaian en contra destes estatutos ou dos fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará aberta a vía para recorrer diante da xurisdición ordinaria.

ORGANIGRAMA

Artigo 22.- O organigrama da Asociación é o seguinte:



- ✓ Dentro da asociación contéplanse 6 áreas de actuación: integración social, formación, participación cidadá-voluntariado, normalización lingüística, emprego e igualdade.
 - ✓ Dentro da asociación contéplanse a posible integración dunha Escola de Tempo Libre podendo compartir Xunta de Goberno.
 - ✓ Opcionalmente poderase contemplar unha vogalía xuvenil e/ou de deportes se se estimase oportuno.
-

XUNTA DE GOBERNO

Artigo 23.- A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta de Goberno formada por un director/a, un secretario/a, un tesoureiro/a e un coordinador/a por cada un dos niveis educativos. Tódolos cargos que compoñen a Xunta de Goberno só poderán ser remunerados, previa aprobación desta circunstancia pola Asemblea Xeral ordinaria. Os cargos serán designados e revocados de xeito democrático pola Asemblea Xeral extraordinaria e o seu mandato terá unha duración dun ano, podendo ser obxecto de reelección de xeito indefinido.

Artigo 24.- Para acceder ao posto de director/a da Asociación é necesario posuír titulación universitaria e o título de “Director/a de Actividades de Tempo Libre”, así como levar máis dun ano como socio/a.

Artigo 25.- Para ser coordinador/a de nivel educativo será necesario posuír a mesma titulación que o/a director/a da Asociación. O cargo de coordinador/a poderase compaxinar ao mesmo tempo con algún outro cargo da Xunta de Goberno.

Artigo 26.- Os membros desta Xunta poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta de Goberno, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e pola expiración do mandato.

Artigo 27.- Os membros da Xunta de Goberno que esgotaran o prazo para o cal foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación das persoas que os substitúen.

Artigo 28.- As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta de Goberno serán cubertas provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva dos novos cargos pola Asemblea Xeral extraordinaria.

Artigo 29.- A Xunta de Goberno reunirse cantas veces o determine o/a director/a e a iniciativa ou petición da metade máis un dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría simple de votos. No caso de empate, o voto do/a director/a será de calidade.

Artigo 30.- As facultades da Xunta de Goberno estenderanse con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, segundo os estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral. En particular, son facultades da Xunta de Goberno:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Escola, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
 - b) Convocar as Asembleas Xerais e executar os acordos nelas acadados.
-

- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o *Plan de Actuación* proposto pola propia Xunta de Goberno, así como a *Memoria de Xestión* correspondente.
- d) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o *Orzamento* do exercicio, así como os *Balances* e as *Contas Anuais* do exercicio pechado.
- e) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral calquera modificación do *Proxecto Educativo* da Escola.
- f) Resolver sobre a admisión de novos/as socios/as.
- g) Crear comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou recadar das mesmas as informacións necesarias. Ao fronte destas comisións designarase un membro da Xunta de Goberno.
- h) Nomear delegados/as para algunha determinada actividade da Asociación.
- i) Interpretar os *Estatutos* e o *Regulamento de Réxime Interno* e velar polo seu cumprimento.
- j) Ditar normas de funcionamento non contempladas no *Regulamento de Réxime Interno*.
- k) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

Artigo 31.- O/A director/a da Asociación terá as seguintes atribucións:

- a) Ostentar a dirección da Asociación velando polo cumprimento dos seus fins.
- b) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos e privados.
- c) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno, así como dirixir as deliberacións que nelas se produzan.
- d) Ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas, certificacións e correspondencia.
- e) Asinar os títulos ou diplomas emitidos pola Escola cando sexan da súa competencia.
- f) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenrolo das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta de Goberno.
- g) Solicitar o recoñecemento da **formación**, a homologación da actividade por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 32.- O/A secretario/a terá as seguintes atribucións:

- a) Ostentar a dirección dos traballos administrativos da Asociación.
 - b) Custodiar e levar o rexistro de actas e de rexistro de socios/as, documentos e selos da Asociación.
 - c) Estender as convocatorias e as actas das reunións ademais de expedir certificacións das mesmas co visto bo do/a director/a.
 - d) Cursar as comunicacións sobre designación da Xunta de Goberno e demais acordos sociais inscribibles nos rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.
 - e) Colaborar co/a tesoureiro/a na elaboración dos orzamentos anuais.
-

- f) Substituír ao/á director/a en ausencia deste/a, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, coas mesmas atribucións que el/ela.

Artigo 33.- O/A tesoureiro/a terá as seguintes atribucións:

- a) Ostentar a dirección dos traballos da xestión económica da Asociación.
- b) Custodiar e levar os libros de contabilidade e os inventarios, así como tódolos documentos económicos necesarios para a elaboración das contas anuais e balances.
- c) Preparar os orzamentos, as contas anuais, os balances e a memoria para a súa presentación diante da Xunta de Goberno e da Asemblea Xeral.
- d) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación.
- e) Dar cumprimento ás ordes de pago que expida o/a director/a.
- f) Emitir, conxuntamente co/a secretario/a, os informes económicos que a Xunta de Goberno lle encomende.

Artigo 34.- Os/As coordinadores/as de nivel terán as seguintes atribucións:

- a) Elaborar, conxuntamente co/a director/a, o plan de actuación anual.
- b) Elaborar, conxuntamente co/a director/a, a memoria de actividades anual.
- c) Coordinar a acción docente do profesorado dos diferentes niveis.
- d) Coordinar a xefatura de estudos.
- e) Velar polo axeitado desenvolvemento da actividade e pola súa adecuación ao deseño previo.
- f) Calquera outra que lle sexa atribuída no seu momento.

Estas atribucións se aplicarán do seguinte xeito:

.- Coordinador/a de 1º nivel : Formación permanente de **persoas adultas**, curso de monitores/as de actividades de tempo libre

.- Coordinador/a de 2º nivel: Formación permanente do **profesorado**, curso de directores/as de actividades de tempo libre, curso de directores/as de campos de traballo.

CAPITULO IV: SOCIOS/AS.

Artigo 35.- Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas que acorde a Xunta de Goberno, e que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación.

Artigo 36.- Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de socios/as:

- a) Socios/as **fundadores/as**, que serán aqueles que participen no acto de constitución da Asociación.
 - b) Socios/as de número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación.
 - c) Socios/as de honra, que serán os que polo seu prestixio ou por haber contribuído de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, se fagan acredores de tal distinción. O nomeamento destes corresponderá á Asemblea Xeral ordinaria, á proposta da Xunta de Goberno.
-

Artigo 37.- Os/as socios/as poderán causar baixa por algunha das seguintes razóns:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta de Goberno.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas.
- c) No caso de ser contratado/a, por rescisión propia do contrato ou finalización do mesmo.
- d) Por expediente disciplinario.
- e) Por non cumprir co seu cometido.

Artigo 38.- A expulsión de socios/as será acordado pola Xunta de Goberno, previa audiencia do/a interesado/a. En todo caso, o acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra del poderase recorrer diante da xurisdición ordinaria.

Artigo 39.- A separación temporal dun/dunha socio/a poderase producir:

- a) A petición persoal do/a interesado/a por escrito.
- b) Polo acordo da Xunta de Goberno, ben por motivos de ter aberto un expediente disciplinario, ben polo non pagamento de cotas, ben por comportamentos que afecten á boa marcha dalgúns dos fins da Asociación.

Artigo 40.- Os/as socios/as de número e fundadores terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Desfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Escola poida obter.
- c) Participar nas asembleas con voz e voto.
- d) Ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Escola.
- f) Facer suxestións aos membros da Xunta de Goberno en orde a mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 41.- Os/as socios/as fundadores e de número terán as seguintes obrigacións:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos das Asembleas Xerais e a Xunta de Goberno.
- b) Abonar as cotas que se fixen.
- c) Traballar para a boa e normal marcha da Asociación..
- d) Prestar cantos servizos determinen os estatutos, o regulamento de réxime interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- e) Desempeñar, no seu caso, as obrigacións inherentes ao cargo que ocupen.
- f) Asistir a programas de formación desta Escola ou de outras entidades, para ampliación de coñecementos e reciclaxe dos mesmos.
- g) Aqueloutras que sexan recollidos na lexislación vixente.

Artigo 42.- Os/as socios/as de honra terán as mesmas obrigacións que os fundadores e de número a excepción das previstas nos apartados b), f) e g), do artigo anterior. Asemade, terán

os mesmos dereitos a excepción dos que figuran nos apartados c) e d) do artigo 38, podendo asistir ás asembleas sen dereito de voto.

CAPITULO V: RÉXIME ECONÓMICO.

Artigo 43.- A Asociación é unha entidade **sen ánimo de lucro**. Os posibles beneficios obtidos como consecuencia das súas actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins.

Artigo 44.- No momento da súa fundación, a Asociación carece de patrimonio ou fondo social.

Artigo 45.- O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

Artigo 46.- O orzamento da Asociación será anual, tendo que ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria de inicio de exercicio. Asemade, a liquidación do orzamento terá que ser presentada na Asemblea Xeral ordinaria inmediatamente posterior ao remate do exercicio.

Artigo 47.- Anualmente e con referencia ao derradeiro día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e elaboraranse as contas anuais, que se plasmarán nunha *Memoria de Xestión*, a cal será posta a disposición dos/as socios/as durante un prazo non inferior a quince días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 48.- Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas ordinarias dos/as socios/as, que en ningún caso serán reintegrables.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta de Goberno e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Taxas por matrículas establecidas para os participantes nas diversas actividades.
- e) As subvencións concedidas por organismos públicos ou privados.
- f) Legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos/as socios/as ou de terceiras persoas.
- g) As achegas voluntarias, que se considerarán como préstamos sen xuros, reintegrables nos termos que se pacten.
- h) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 49.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositado os mesmos, deberán ter recoñecidas as firmas o/a director/a e o/a tesoureiro/a, para o emprego indistinto ou mancomunado deles, conforme se aprrobe en Asemblea Xeral.

Artigo 50.- A disposición dos bens patrimoniais que se aprobe regulamentariamente, terá que ser aprobado pola Asemblea Xeral extraordinaria'0.

CAPITULO VI: MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN.

MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 51.- Os presentes estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta de Goberno ou da metade mais un dos/as asociados/as.

Neste caso, a convocatoria da Xunta de Goberno terá como punto da orde do día a modificación dos estatutos e estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 10 días para que calquera socio/a poida dirixir á Xunta de Goberno as propostas e suxestións que estime oportunas. Estas complementarán a documentación para a citada asemblea e serán postas a disposición cunha antelación mínima de tres días antes da realización da Asemblea Extraordinaria que terá este asunto como punto da orde do día que deberá votar a súa aprobación.

A aprobación da modificación dos estatutos acordarase pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.

DISOLUCIÓN

Artigo 52.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Pola vontade dos/as socios/as acordada pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas na Asemblea Xeral extraordinaria.
- b) Por outras causas determinadas legalmente.
- c) Por sentenza xudicial.

Artigo 53.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará dous socios/as liquidadores, que xunto o/a director/a e o/a tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

O haber líquido resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita na comunidade autónoma galega e que teña os mesmos ou similares fins aos desta Asociación. O xustificante de doazón será presentado no rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.
